

PROXECTOS NON PRODUTIVOS (PRIORIZACIÓN E INTENSIDADE DA AXUDA)

(Apartado VI das Bases Reguladoras para a selección de programas de desenvolvemento rural, publicado na “Resolución do 30 de maio de 2008, DOG Nº 115, De XUÑO De 2008 e modificación publicada no DOG nº 15 do Xoves, 22 de Xaneiro de 2009)

O importe e porcentaxe de axuda pública que pode corresponder aos proxectos de natureza non-rodutiva axustarase ás intensidades máximas de axuda que a continuación se refiren, segundo a prioridade do proxecto de que se trate:

- Proxectos non-rodutivos de prioridade alta. Intensidade de axuda ata o 100%:

- Servizos de igualdade e benestar á poboación, tales como centros de inclusión e emerxencia social, centros de integración, inserción ou inclusión socio laboral para discapacitados, escolas infantís, centros de maiores non dependentes (pisos tutelados, vivendas comunitarias, centros de día).
- Servizos de transporte adaptados en áreas de baixa densidade de poboación.
- Implantación de TICs no medio rural, tales como telecentros, aulas de informática, plataformas dixitais de servizos a empresas ou á poboación en xeral.

- Proxectos non-rodutivos de prioridade media. Intensidade de axuda ata o 70%:

- Actuacións de recuperación patrimonial, paisaxística e etnográfica, tales como actuacións ambientais, aulas de natureza, centros de interpretación, museos, intervencións arqueolóxicas, recuperación de construcións de interese arquitectónico, social ou cultural.
- Centros de promoción de recursos ou puntos de información turística.
- Rehabilitación e equipamento de edificios destinados a locais sociais.

- Outros proxectos non-rodutivos. Intensidade de axuda ata o 50%:

- Infraestrutura de lecer: ludotecas, áreas recreativas, parques ou espazos de ocio
- Instalacións deportivas, en coordinación co mapa de dotacións da Dirección Xeral de Deportes da Xunta de Galicia.

- Sinalización de recursos turísticos.
- Participación en certames, eventos, feiras, edición de libros, mapas, guías, páxinas web e concursos vinculados á valorización dos recursos do territorio.
- Instalacións hípicas ou cinexéticas.
- Eventos de difusión ou estudos vinculados á valorización dos recursos do territorio.